



Global express

A actualidade na aula

Tsunami: da emerxencia á solidariedade

1. Selecciona e clasifica a información relativa ao Tsunami aparecida nos medios en función dos seguintes aspectos. Elaborade despois un mural que recolla esta información.

| Que provocou o desastre? (Causas) | Onde ocorreu? (Localización) | A quen e como afectou? (Consecuencias) |
|-----------------------------------|------------------------------|--|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

2. A procurar un país...

2. Lede atentamente as seguintes noticias sobre os países imaxinarios de Centala, Mentarbe, Ferrarte e Federación Garen, e responde de as preguntas propostas.

CENTALA

- Amnistía Internacional publicou un relatorio onde critica as autoridades por non protexeren os dereitos das poboacións máis desfavorecidas (labregos, inmigrantes e indíxenas)..
- É un dos principais produtores de droga do mundo.
- Estímase que máis de medio millón de menores traballan na prostitución.
- Existe a pena de morte.

MENTARBE

- A súa poboación é moi amable e hospitalaria.
- Posúe unha orografía moi variada que vai das escarpadas montañas e profundos vales do norte até as praias e os bosques tropicais do sur.
- Existe un vasto abano de oferta turística, para todos os gustos e economías.
- Poden encontrarse moi boas ofertas de voos e paquetes turísticos para visitar o país.

FERRARTE

- Ten unha poboación de máis de 60 millóns de habitantes (case o duplo que España).
- A Organización Mundial do Comercio (OMC) eloxiou os avances conseguidos por Ferrarte na liberalización do seu comercio, a estabilización macroeconómica e as reformas estruturais. Segundo esta organización, unha maior abertura da súa economía contribuirá para o seu crecemento.
- É un dos países máis desenvolvidos da rexión onde se sitúa.

FEDERACIÓN GAREN

- A súa extensión é un pouco máis grande que a de España.
- Está situado no posto 76 canto ao índice de desenvolvemento humano (España sitúase no posto 20).
- O índice de alfabetización adulta é de 92% (o de España é de 97,7%)

A partir desta información, decide de as seguintes cuestións:

1. Que país escolleríades para irde de vacacións?
2. Onde abriríades unha fábrica?
3. Que país vos parece máis pobre?
4. Onde se verifican as mellores condicións de vida?

4. A procurar solucións

6. Enche a táboa:

| Consecuencia | Solución a curto prazo | Responsables | Solución a longo prazo | Responsables |
|--------------|------------------------|--------------|------------------------|--------------|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

5. A reacción internacional na prensa

 Le atentamente as seguintes noticias e responde as preguntas

A ONU responde perante a catástrofe do Tsunami

"O sucedido no día 26 de Decembro de 2004 foi unha catástrofe mundial sen precedentes. Por tanto, esixe unha resposta mundial sen precedentes."

Kofi Annan
Secretario Xeral das Nacións Unidas

Declaración en Iacarta, Indonesia, o 6 de Xaneiro de 2005

"Nunca antes ocorrera que dúas semanas despois dun desastre poidamos contar con 717 millóns dólares estadounidenses que poden ser utilizados inmediatamente para axudar os damnificados".

Jan Egeland, Coordinador de Asistencia Humanitaria de la ONU

O Grupo G7 de nacións industrializadas anunciou a conxelación do pagamento da débeda externa dos países afectados polo maremoto.

A medida, porén, non se estende á cancelación completa da débeda, como pedían diferentes organizacións non gobernamentais.

<http://news.bbc.co.uk>, 7/01/2005

Oxfam Internacional manda un avión con 27 toneladas de axuda humanitaria de emerxencia a Sri Lanka.

<http://www.intermonoxfam.org>, 28/12/2004


Spielberg doou a Asia 14 veces máis que México.

<http://www.cronica.com.mx>, 5/01/2005

Botellas de cervexa para distribuír auga

A empresa Lion Brewery parou a produción da súa fábrica de cervexa en Sri Lanka e está a embotellar auga potable para que Oxfam, Intermón Oxfam en España, a distribúa nas zonas afectadas.

<http://www.intermonoxfam.org>

 7. Le as noticias anteriores e identifica os diferentes axentes (sociedade civil, ONGs, gobernos e organizacións internacionais) que proporcionaron axuda á poboación afectada polo Tsunami.

 8. Segundo estas informacións, que tipos de axuda foron activados desde a comunidade internacional?

6. Luces e sombras

Le as seguintes noticias e compáraas coas noticias anteriores:

9. Que contradicións encontras entre estas informacións e as anteriores?

10. Indica 4 problemas na distribución da axuda e 4 posibles solucións.

A falta de descoordinación dificulta a distribución de axuda na Asia

Hai caixas que non chegan ás vítimas por falta de transporte - A ONU pide á comunidade internacional que non se demore no pagamento das doazóns.

“A axuda humanitaria na Asia, vital para que non continúe a aumentar, até máis, o número de vítimas do 'tsunami', se está a atrasar pola falta de coordinación entre **gobiernos, exércitos e voluntarios internacionais**, segundo denuncian diferentes ONG.”

“Estamos a facer moi pouco de momento”. Así o recoñeceu o coordinador de axuda de emerxencia das Nacións Unidas, Jan Egeland.

www.elmundo.es, 30/12/2004

Intermon Oxfam esixe ao Goberno que o 100% da axuda aos países afectados polo tsunami sexan doazóns non ligadas, e non créditos

José María Vera: "Por que o Goberno español dá o 90% en créditos cando o resto dos países ofrece doazóns e condonación da débeda?"

www.intermonoxfam.org, 31/12/2004

"Non me importa o diñeiro que me cobraron pola comisión, o que me doe é que tiren proveito dunha catástrofe como esta", lamentase un empresario madrileño de 56 anos, que prefire non desvelar a súa identidade e que viu cómo, por transferir un donativo de 200 euros, o Grupo Santander "levou" 3,29 euros de comisión.

EL PAÍS, 31/12/2004

Sueste asiático: “Optamos por ser transparentes e dicilo publicamente”

MSF recibiu suficientes fondos para financiar a súa intervención de emerxencia no sueste asiático e convida a realizar doazóns para o seu Fondo de Emerxencias.

“A resposta solidaria e extraordinaria da sociedade permitiunos, cos recursos que xa temos, executar unha operación masiva,” declara Rafael Vila-Sanjuán, Director Xeral de Médicos Sen Fronteiras (MSF).

<http://www.msf.es>, 7/01/2005

"A resposta da sociedade fai tan extraordinaria que a xente pensa que ten que facer algo, sexa o que for, mentres que os gobernos se senten tamén moi coaccionados polas súas opinións públicas para actuaren", declarou a este xornal Rafael Vila-Sanjuán, Director Xeral de Médicos Sen Fronteiras (MSF).

EL PERIÓDICO, 19/1/2005